

ACTA DA COMISIÓN AVALIADORA.

ASUNTO: PROCEDIMIENTO DE LICITACIÓN PARA A AUTORIZACIÓN DE INSTALACIÓN DE 13 POSTOS DE VENDA DE MERCADORÍAS E 7 ATRACCIÓNIS INFANTÍS ECOLÓXICAS NO ARDE LUCUS 2017, PRORROGABLE PARA O ANO 2018. EXPDTE REF: 14-2017. SELECCIÓN DE ADXUDICATARIOS DOS POSTOS.

Sendo as 9,30 horas do día 19 de xuño de 2017, no servizo de contratación, patrimonio e fomento (3ª planta do Centro de Servizos Municipais, Ronda da Muralla, 197), reúnese a comisión avaliadora constituída para o procedemento de licitación para a autorización de instalacións de 13 postos de venda de mercadorías e 7 de atraccións infantís ecolóxicas no ARDE LUCUS 2017, prorrogable para o ano 2018. A citada comisión está integrada polos seguintes membros:

- Don Xosé Manuel Cao Rei, xefe do servizo de contratación, patrimonio e fomento.
- Dona María José Pena Lage, técnico adscrita a Xuventude.
- Dona Ana Tabarés Martínez, Técnico do servizo de contratación actuando como Secretaria.

Dáse lectura do cadro de puntuacións obtido por cada licitador para cada un dos apartados obxecto de avaliación conforme as Bases e para o cal o Servizo de Xuventude elaborou unha táboas con proposta de puntuación que se publicará no perfil do contratante para xeral coñecemento dos licitadores.

NOME	PARADA	TAXA OFERTADA	PUNTOS	TOTAIS
Productos El Bici S.L.	1	2.508	37	
Lorente y Carmona S.L.	16	455	40	
María Bernier García	22	450	44,50	
Vanessa Franco Martín	24	600	35	
Graciela Jiménez Azcoitia	26	243,24	20,59	
Luis Fernando Jiménez Bernal	29	150	38	
Mª José González Álvarez	32	225	41	
Ana Belén Campos Coto	50	300	37,64	
Cecilia Machado	54	173,82	46	
Tania Balaguer Díaz	55	582	39,10	
Embutidos Suarna, S.L	58	502	35,81	
Manuel Agulla Insuela	60	300	35	
Marco Carballo Alonso	63	400	47	
Jose Antonio Ayuso Gzalez	1H	250	35	
Juan Luis Cataluña Medina	3H	400	37	
Juan Luis Cataluña Medina	4H	600	37	
J. César Villagrán Martínez	5H	150	37	
J. César Villagrán Martínez	6H	300	37	

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/atm

Refº: ACTA SELECCIÓN Arde Lucus 2017 19.06.17

Asunto: ACTA SELECCION ARDE LUCUS 2017 19.06.17

Juan Luis Cataluña Medina	7H	600	37
---------------------------	----	-----	----

A licitadora Noelia Gutiérrez queda excluída da licitación á vista das fotografías presentadas ao tratarse de produtos non conformes á época, e en aplicación da Base Novena que di "*Quedarán excluídos do procedemento aqueles licitadores que á vista da documentación presentada, en particular as fotografías ou descrición da decoración das paradas, vestimenta e produtos ou materias á venda non resulten conformes coas esixencias destas bases por **non ser acordes coa temática do mercado romano** ou por supoñer un incumprimento das obrigas establecidas nestas bases. Non se aceptarán paradas que poñan a venda produtos ou roupas non acordes a época que representa a festa.*"

Á vista do exposto, a Comisión propón elevar ao órgano competente esta proposta de adxudicación de postos conforme a listaxe anterior e que quedará condicionada á presentación (para os casos de que non se tivera xa presentada) da correspondente alta no IAE, certificacións positivas da AEAT e Seguridade Social así como á presentación (para os casos de que non se tivera xa presentada) das pólizas dos seguros de responsabilidade civil en vigor durante a Festa coas coberturas mínimas esixidas.

O Concello de Lugo comprobará de oficio que os licitadores propostos se atopan ao corrente coas obrigas tributarias co propio Concello de Lugo.

Na resolución de concesión da autorización indicaráse o **prazo para a xustificación dos ditos requisitos que en todo caso será antes do inicio da Festa (30 de xuño de 2017)**

Queda **vacante o posto 2H para atraccións ecolóxicas**. A Comisión acorda que se invite a tódolos licitadores a postos para atraccións ecolóxicas para que oferten a este posto 2H sempre e cando as atraccións que se instalen sexan diferentes ás autorizadas, todo isto para proceder á adxudicación directa

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 14:30 horas, no lugar sinalado no encabezamento.

O XEFE DO SERVIZO DE
CONTRATACIÓN



A FUNCIONARIA ADSCRITA
A XUVENTUDE

A TÉCNICO DE CONTRATACIÓN